

**PARA LER** Luís Lamela recupera nunha novela a historia dos escapados ao monte do Pindo tras a sublevación do 1936 contra o goberno democrático da Segunda República

# A memoria recobrada


O autor conta feitos reais dando os nomes dos seus protagonistas, tanto represaliados como represores

M. Dopico · Santiago

“Sen dúbida, Teófilo estaba obsesionado co milagre cotián da memoria, como se fose a súa única patria, entendendo que era posible a reconciliación exercéndoa, non sepultándoa”. O escritor e historiador Luís Lamela García reivindica e lembra con palabras coma estas no seu libro *Escapado. Do monte do Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón*, editado por Xerais, que presentou onte na Coruña. Autor de numerosos ensaios sobre a represión franquista en Galicia, Lamela estréase con esta obra no xénero da novela.

“Quixen experimentar con algo que puidese chegar máis ao público”, explicou nunha entrevista con este xornal. “O que fixen foi contar un conto sen distorsionar a historia. Os nomes e os feitos son reais. O protagonista, Teófilo Caamaño, coñeceuno Amancio Prada en Segovia. Era un galego que lle ensinou moitas das cancións que el cantou. Non todo o que conto na novela lle pasou a el, pero si aos seus compañeiros”, comentou o autor.

O personaxe, Teófilo, escapa ao monte tras o golpe do ano 36; pasa despois un tempo na cadea no castelo ferrolán de San Felipe e na illa de San Simón; sálvese do paseo e logra chegar a Inglaterra, desde onde volve para loitar ao lado dos republicanos ás ordes de Líster; marcha



Lamela reivindica tamén na súa novela que se recuperen os corpos dos que foron enterrados en fosas comúns

## DATOS

### A documentación avala o relato

Lamela insiste en que o golpe do 36 “foi unha sublevación contra a democracia republicana” de persoas fanáticas e intransixentes que “non querían perder os seus privilexios”. No libro lembra tamén que na Catalunya republicana da guerra houbo “sectarismo, paseos e inxustizas”, pero lembra que foi unha parte do pobo “desmandada” a que exerceu a violencia, e non o exército e as forzas da orde pública e

por orde das autoridades, como ocorreu en Galicia. A República comprometérase coas clases traballadoras, pero a Falanxe “provocou a desorde” para xustificar o golpe, nun contexto no que parte da esquerda esixía cambios moi rápidos. “A historia franquista, como a de Pio Moa, é falsa. Eu todo o que digo está documentado. Se me denunciasen, teño os documentos. Só conto o que pasou”, concluíu.

despois a Francia ata exiliarse en América. No seu camiño crúzase Castelao, Dolores Ibárruri, de xeito indirecto Pablo Neruda...

“É un ancián que volve á Costa da Morte para recuperar a memoria: a súa e a do colectivo que convivira con el no monte. Volve a un mundo que lles dera as costas ás persoas que, coma el, o perderan todo por unha guerra que non crearan”, salientou Lamela. Un home “sen acougo”, que tras sesenta anos de exilio, e aínda que botara raíces en América, “non acabou de

atopar o seu lugar” no estranxeiro, polo que sente a necesidade de regresar aos, “para el, lugares sacros” da paisaxe galega. Así, e ao longo de 32 capítulos e en base aos records acumulados en cartas, fotos, nun relato manuscrito... vai traendo o pasado ao presente.

Os personaxes que o acompañaran na fuxida ao monte –a novela segue a historia dos que se exiliaron antes de que comezase a organizarse a guerrilla– foran xa citados por Lamela en dous dos seus libros anteriores: *Pepe Miñones* e *Crónica de una represión en la Costa da Morte*. Tamén son reais, e cítanse con nomes e apelidos, os represores, así como as historias sobre a súa corrupción en San Simón...

“Quería dar a coñecer o que pasou no monte do Pindo”, subliñou o autor. “A maioría dos escapados eran prófugos da Mariña e do Exército. Só algúns eran sindicalistas ou políticos”, engadiu. “Tamén é unha historia do exilio. Tras refuxiarse en Francia, os que foron reclamados por familiares emigrados marcharon a América antes de que comezase a II Guerra Mundial”, apuntou.

“Levo vinte anos investigando sobre a represión. Consulte bibliografía, documentos dos arquivos de Salamanca e Alcalá de Henares, o Arquivo Histórico Nacional, fontes orais, cartas... Non concibo como unha parte da sociedade non quere que se saiba o que pasou. Din que non son herdeiros do franquismo, pero identifícanse como tales ao negarse a que se coñeza a verdade. Non se trata de vingarse, senón de saber a verdade, contra a historia mentirosa que se nos ensinou durante 40 anos”, afirmou. ●